

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 24 DE XULLO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da OU-904 desde o p.q. 1 + 260 ao p.q. 3 + 750 a prol do Concello de Cortegada.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Código ético institucional.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Beade para a execución do proxecto de rehabilitación e equipamento da casa do concello.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Sociedade Estatal Augas de las Cuencas de España, S.A., para a execución das obras da actuación "EDAR de Ribeira", por un importe total de vinte e cinco millóns de euros (25.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia para a execución do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas horizonte 2016.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizado (ASGOCA) para a realización dun plan de inspección en materia de seguridade industrial en 2014, por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de turismo termal para a provincia de Ourense, "Ourense, provincia termal" (2014-2020) e a constitución da súa comisión de seguimento entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense.
- Informe sobre o lanzamento do proceso de elaboración da Axenda Dixital de Galicia 2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o convenio específico para o ano 2014 do protocolo xeral de colaboración suscrito o 1 de setembro de 1999 entre o Ministerio do Interior (Delegación do Goberno para o Plan nacional sobre drogas) e a Comunidade Autónoma de Galicia.




A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE CORTEGADA O TRAMO DA ESTRADA DESDE O ALTO DA BARCA ATA O ENLACE COA VÍA XINZO DE LIMIA- A CORTEGADA (OU-531)

- ***A Administración local deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito a partir da formalización de entrega***
- ***A principios de 2014 o Consello da Xunta tamén transferirá a este concello un treito de case un quilómetro da estrada OU-402 Ourense (OU-403)- Cortegada (OU-904)***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito de case un quilómetro da estrada autonómica que vai desde o Alto da Barca ata o entroncamento coa estrada Xinzo de Limia- A Cortegada (OU-531).

A Administración local solicitou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o traspaso, na súa totalidade, do treito comprendido entre os puntos quilométricos 1+260 e o 3+750, dado que o treito cedido adquiriu características de tramo urbano. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade deste tramo que mide unha lonxitude de case 2,5 quilómetros.



Con esta aprobación o Concello de Cortegada deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización

da entrega, que terá lugar no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Cómpre destacar que se trata do segundo tramo que no 2014 se transfire a prol do Concello de Cortegada, xa que a principios deste ano o Consello da Xunta tamén aprobaba o cambio de titularidade do resto da estrada OU-402 "Ourense (OU-403)-Cortegada (OU-904)" a prol deste municipio, concretamente do treito entre os puntos quilométricos 41 + 910 e 42 + 840 e alcanza unha lonxitude de 930 metros.

Cambio de titularidade de estradas de Galicia

Os cambios de titularidade das estradas están regulados na Lei de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, a Lei de estradas de Galicia alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.



A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O TRANSPORTE ADAPTADO DE CARÁCTER PUNTUAL QUE SEGUIRÁ A SER GRATUÍTO PARA OS SEUS USUARIOS

- ***O decreto, que aprobou hoxe o Consello da Xunta, regula os requisitos para acceder a este servizo, coñecido como 065***
- ***Está dirixido a persoas con discapacidade e/ou dependentes que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo***
- ***O obxectivo desta modalidade de transporte programado non urxente é facilitar a integración dos seus usuarios no seu contorno, garantindo a súa mobilidade***
- ***O novo modelo incrementa a eficiencia e a eficacia do servizo e mellora a equidade na prestación facilitando o acceso a un maior número de potenciais usuarios***
- ***Esta modalidade puntual do servizo de transporte adaptado complétase co servizo de transporte regular que depende de cada centro e financia a Xunta***
- ***O transporte puntual e regular configuran, deste xeito, as dúas modalidades do novo servizo de transporte adaptado que a Xunta mellorou para optimizar o seu funcionamento e xestión***

Os usuarios que utilicen o transporte adaptado de carácter puntual da Consellería de Traballo e Benestar seguirán a utilizar este servizo de xeito gratuíto. Así o recolle o decreto que aprobou hoxe o Consello da Xunta, unha norma que regula este servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes. En concreto, esta normativa recolle os requisitos para o uso do transporte puntual, coñecido como o 065, así como as súas prioridades na utilización deste.

O transporte puntual, xunto co transporte adaptado regular que agora depende de cada centro e financia a Xunta, configúrase como o novo modelo de transporte adaptado que pon en marcha o Goberno galego co obxectivo de optimizar o seu funcionamento e xestión. A modalidade de transporte regular xa está regulado no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Con respecto ao servizo de transporte adaptado na súa modalidade programada non urxente e con carácter puntual, que é o que se regula no decreto que se aprobou hoxe, vese agora reforzado con esta nova configuración nos seus obxectivos básicos, que son a promoción da autonomía persoal dos seus usuarios e facilitar a integración e a participación destes na vida diaria.

Polo tanto, este servizo ten como finalidade poñer á disposición das persoas con discapacidade e/ou dependentes, que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo, un transporte axeitado para facilitarlles a súa mobilidade e



favorecerlles, así, o acceso, en condicións de igualdade efectiva, aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal. Deste xeito, este tipo de transporte programado non urxente responde á necesidade de facilitar a integración das persoas usuarias no seu contorno inmediato.

O decreto establece as prioridades á hora de acceder a este recurso. Por orde de prioridade, os servizos que se ofertan son: desprazamentos a consultas médicas do sistema público, cando o traslado non sexa competencia do sistema sanitario; traslados aos centros asistenciais do sistema galego que prestan servizo de aloxamento de servizos sociais, que non dispoñan de transporte (exemplo, residencias de maiores e tamén residencias de persoas con discapacidade); asistencia a programas ou actividades que se presten prioritariamente en centros do Sistema galego de servizos sociais; desprazamentos a actividades de carácter educativo e formativo que favorezan á integración laboral; e asistencia a actividades relacionadas co coidado persoal.

Unha vez cubertos este tipo de servizos, e se hai dispoñibilidade de medios, poderanse programar a realización de xestións de carácter legal ou administrativo e, por último, a asistencia a actividades de carácter cultural, deportivas ou social.

Coa nova definición do transporte público adaptado mellórase fundamentalmente a equidade na prestación, facilitando o acceso a un maior número de potenciais usuarios, ao tempo que se incrementa a eficiencia e eficacia do servizo, se optimiza a utilización dos recursos públicos e principalmente se dá cobertura ás necesidades de desprazamento de carácter puntual das persoas con discapacidade e/ou dependentes residentes en Galicia e que teñan imposibilidade de usar o transporte público colectivo.

En definitiva, coa nova configuración séguense prestando os mesmos servizos pero dun xeito máis organizado e eficaz e coa finalidade de mellorar tanto cuantitativa como cualitativamente a prestación do servizo de transporte adaptado.



A XUNTA APROBA O CÓDIGO ÉTICO QUE REGULA A CONDUCTA E RESPONSABILIDADE PROFESIONAL DE TODOS OS EMPREGADOS PÚBLICOS

- *Quedan prohibidos os regalos e por primeira vez concrétese o que se entende por cortesía institucional ou protocolaria*
- *Xa está operativo para altos cargos e persoal de gabinete desde a súa presentación en Consello o pasado mes de abril*
- *Inclúe novas medidas para reforzar a transparencia nos procesos selectivos de persoal e procedementos de contratación e o uso responsable dos recursos*
- *Os membros da Xunta e altos cargos non poderán ser titulares de contas en 'paraísos fiscais'; o contrario será causa de cesamento automático*
- *A Xunta elaborará en cada lexislatura un informe de seguimento sobre o nivel de cumprimento do presente código para a súa remisión ao Parlamento galego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o código ético institucional que servirá como manual deontolóxico e guía de boas prácticas para o conxunto dos empregados da Administración galega no desempeño das súas funcións, e que proximamente entrará en vigor coa súa publicación no DOG. Cabe lembrar que xa está operativo desde o mes de abril para os altos cargos e persoal dos gabinetes.

O obxectivo é seguir intensificando e afondando na liña de compromiso dos representantes públicos coa cidadanía, que xa se ten materializado con medidas pioneiras como a blindaxe por lei da publicación das declaracións de bens patrimoniais dos membros do Goberno galego, a transparencia e homologación das retribucións do persoal directivo dos entes instrumentais ou a redución do parque móbil, entre outras.

Así, o código aprobado esta mañá ofrecerá principios básicos de conduta e responsabilidade profesional tanto para todos os altos cargos das administracións públicas e entidades instrumentais -desde o presidente e conselleiros ao persoal eventual- como para o resto do persoal do sector público autonómico.

Non se aceptarán regalos

A partir da publicación do código no *Diario Oficial de Galicia*, os empregados públicos non poderán aceptar, recibir ou solicitar ningún regalo, dádiva, beneficio ou favor nin para si mesmo nin para o seu círculo familiar inmediato, por parte de persoas físicas ou xurídicas. Engádense novos formularios nos anexos onde se concreta a aplicación do código.

Ademais, o texto ofrece seguridade á totalidade dos empregados públicos, ao ter concretado por primeira vez o que se entende como cortesía institucional ou protocolaria. Dentro destas inclúense, por exemplo, aqueles artigos de propaganda ou publicidade que pola súa escasa entidade resulte sinxelo discernir sen necesidade de



efectuar un xuízo de valor, como bolígrafos, calendarios ou axendas; así como as mostras de consideración ou atención enmarcadas nos usos habituais e costumes sociais de cortesía, sempre que non excedan o importe máximo de 90 euros. Deste xeito, tense optado por un límite inferior ao fixado pola Comisión Europea, cuxo código de funcionamento se ten usado como referencia.

Réxime de incompatibilidades

O código tamén establece que as autoridades e empregados públicos non poderán valerse da súa posición para obter vantaxes profesionais ou materiais, como tratamentos de privilexio na condonación de débedas bancarias, préstamos a xuro cero ou o uso gratuíto de instalacións, cando exista réxime habitual de cobramento. Así mesmo, especifícase que “baixo ningún suposto” se poderá obter lucro persoal pola utilización de información privilexiada de carácter financeiro, bolsista ou fiscal á cal teñan acceso.

No tocante ás incompatibilidades, o código establece que os membros do Consello da Xunta non poderán ser titulares de contas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais e que a detección deste tipo de prácticas será causa de cesamento. Así mesmo, tampouco poderán recibir retribucións pola súa participación como relatores en congresos, seminarios, xornadas de traballo e cursos de carácter profesional, pese a que a normativa actual permite esa posibilidade.

Neste punto tamén se adianta que o Consello da Xunta aprobará un acordo para determinar os termos en que se publicarán os contidos das declaracións de bens patrimoniais dos membros do Goberno galego e que o persoal ao cal lle sexa de aplicación a lexislación autonómica sobre incompatibilidades fará constar na súa declaración de actividades e intereses as renuncias ou alleamentos de participacións en empresas.

Imparcialidade e uso responsable dos recursos

Ademais, para garantir a imparcialidade nos procesos selectivos, a Xunta adoptará de xeito homologado normas de funcionamento e garantías reforzadas de transparencia. Ampliaranse as causas de abstención para formar parte dun tribunal e introduciranse garantías de confidencialidade nos procesos de impresión e custodia dos exames, como un mecanismo informático para a selección aleatoria das preguntas.

O texto tamén recolle unha serie de disposicións para o uso responsable dos medios e recursos públicos, a previsión de continuar cumprindo de forma estrita o novo réxime do parque móbil da Xunta -impulsado a pasada lexislatura- e que se seguirá na senda da limitación dos gastos internos de publicidade e propaganda, así como a racionalización e eficiencia na organización e desenvolvemento de viaxes oficiais ao exterior.



Neste sentido, o código aprobado esta mañá fúsióname co xa realizado para regular as viaxes oficiais ao exterior dos cargos do Goberno galego. Neste texto estableceíase, por exemplo, que só se viaxaría en clase preferente nos desprazamentos transoceánicos e de longo percorrido e que debía haber unha nidia separación entre as axendas institucionais e de partido.

Transparencia parlamentaria

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e os competentes nos ámbitos sanitarios e educativos serán os órganos de coordinación encargados da aplicación do código, que os altos cargos e persoal eventual asumirán desde o momento da súa toma de posesión.

A Xunta elaborará en cada lexislatura un informe de seguimento sobre o nivel de cumprimento do presente código para a súa remisión ao Parlamento galego. Ademais, e como se vén facendo desde 2011, o Goberno galego comparecerá no Parlamento - como mínimo unha vez por período de sesións- para informar e explicar os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado español.

Ademais, o Executivo galego comprométese a darlle ao texto a máxima difusión, tanto entre o seu persoal como no resto de administracións -concellos e deputacións-, institucións, empresas, entidades de iniciativa social e cidadanía en xeral. O texto será de acceso público e gratuíto a través do DOG e a web institucional www.xunta.es; e tamén lle será traslado ás empresas que figuren ou se incorporen ao Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, que deberán formular unha "adhesión expresa" aos principios do código.



A XUNTA ACHEGA 120.000 EUROS PARA REHABILITAR A CASA DO CONCELLO DE BEADE, DANADA NUN ATENTADO TERRORISTA A FINAIS DO ANO PASADO

- ***Vicepresidencia e Concello asinarán un convenio de colaboración que tamén permitirá equipar o inmoble, esnaquizada tras o estoupido dun artefacto explosivo***
- ***Na actualidade o Concello está a facer uso dunhas instalacións provisionais, o que imposibilita prestar os servizos municipais aos veciños nas mellores condicións***

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de cooperación entre o Goberno autonómico e o Concello de Beade para a execución do proxecto de rehabilitación e equipamento da casa do concello deste municipio ourensán.

A través deste convenio a Xunta achegará 120.000 euros en tres anualidades, 2014-2016, coas que o concello de Beade poderá facer fronte a algo máis do 40 por cento do orzamento total que necesita para a posta a punto da casa do concello.

Esta subvención concédese despois de que o concello expuxese a necesidade de rehabilitar e equipar o interior da casa do concello, que quedou destruído como consecuencia dos danos producidos polo estoupido dun artefacto explosivo nas súas inmediacións en outubro do ano pasado.

Tal e como se recolle na xustificación do convenio, a reconstrución da casa do concello resulta "imprescindible" para o normal funcionamento da entidade local e para a prestación dos servizos municipais aos veciños; ademais, resalta que na actualidade o Concello está a facer uso dunhas instalacións provisionais.

Na madrugada do 7 de outubro de 2013 un artefacto explosivo estoupou fronte á porta do consistorio provocando no inmoble considerables danos materiais, derrubando portas e provocando desprendementos nas paredes do edificio público. Por este motivo o proxecto de rehabilitación recolle actuación na totalidade do edificio, desde a reposición do lucernario de cuberta, demolicións e reconstrucións de fachadas, pasando pola renovación das instalacións eléctricas, de calefacción e fontanería.



AUTORIZADO O CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE PERMITE A ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DA DEPURADORA E COLECTORES XERAIS EN RIBEIRA

- ***Con esta actuación darase servizo a unha poboación aproximada de 32.500 habitantes, xa que permitirá a depuración das augas residuais do núcleo urbano de Ribeira, da poboación de Aguiño, Ameixida, Revolta e Castiñeras***
- ***A nova depuradora terá capacidade para tratar un caudal medio de 93 litros por segundo, é dicir máis de 8.000 metros cúbicos ao día, aínda que poderá asumir puntas de 279 litros por segundo***
- ***No mes de xuño o Consello da Xunta tamén autorizaba o decreto de expropiación e de urxente ocupación, que implica un investimento de 248.000 euros por 55 fincas afectadas***
- ***A obra dos colectores xerais e EDAR de Ribeira está declarada como de Interese da Comunidade Autónoma ao incluírse no programa do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa***
- ***O convenio autorizado hoxe establece AcuaEs licitou as obras e será a encargada de executalas***

A adxudicación das obras da depurador e colectores xerais en Ribeira pode formalizarse nas vindeiras semanas, despois de que o Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizase a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a sociedade estatal Aguas de las Cuencas de España, SA (AcuaEs). Deste xeito, AcuaEs xa pode adxudicar as obras que previsiblemente se poderán iniciar a finais deste mesmo verán.

As obras serán financiadas nun 70 % do custo das actuacións por AcuaEs a través de fondos FEDER da Unión Europea, e a Xunta de Galicia cofinanciará a actuación con fondos propios a través de Augas de Galicia. O importe que establece a colaboración técnico- financeira autorizada hoxe é de 25 millóns de euros.

As obras do saneamento de Ribeira consisten na construción da nova estación depuradora, así como dos colectores interceptores que conducirán as verteduras ata esta nova infraestrutura. Con esta actuación darase servizo a unha poboación aproximada de 32.500 habitantes equivalentes, xa que permitirá a depuración das augas residuais do núcleo urbano de Ribeira, da poboación de Aguiño, e dos núcleos de Ameixida, Revolta e Castiñeras.

A obra dos colectores xerais e EDAR de Ribeira está declarada como de Interese da Comunidade Autónoma ao terse incluído no programa de medidas do Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia – Costa, aprobado en Outubro de 2012. Isto responde á necesidade de someter a un tratamento axeitado as augas residuais



urbanas xeradas principalmente en Ribeira e Aguiño, e así garantir o bo estado das augas, especialmente no que respecta aos esixentes usos de baño e marisqueo nas augas da ría de Arousa.

A rede de colectores xerais defínese mediante a execución de aproximadamente 13.600 metros de conducións tanto por gravidade como en presión. Defínense sete tanques de tormenta que regularán os caudais da rede unitaria, enviando o caudal a xestionar ata a EDAR e minimizando os aliviadoiros ao medio receptor en tempo de choiva. Estarán ubicados en Carolinas, Cerqueiras, Ameixida, A Revolta, Castiñeiras, Areeiros e Aguiño.

A estación depuradora de augas residuais ubicarase no polígono de Couso e realizará tratamento biolóxico mediante aireación prolongada prevista para un caudal máximo de tratamento de 1.238m³/h. A nova depuradora terá capacidade para tratar un caudal medio de 93 litros por segundo, é dicir máis de 8.000 metros cúbicos ao día, aínda que poderá asumir puntas de 279 litros por segundo. Na imaxe, planta xeral da EDAR de Ribeira.



Decreto de utilidade pública

Compre lembrar que o último Consello da Xunta celebrado no mes de xuño aprobouse o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Ribeira. O custo das expropiacións das 55 fincas afectadas ascende a 248.000 euros e correrá a cargo do



Estado, a través da sociedade estatal AcuaEs, que será a encargada de executar a obra.

A Xunta de Galicia considerou necesario definir una actuación integral que considerase o funcionamento actual e futuro das redes existentes e os procesos de depuración, así como a súa influencia na ría de Arousa. Para esta tarefa redactouse, en primeiro lugar, o Plan de Saneamento Local da Ría de Arousa, a partir do que se definiu o proxecto da actuación. En paralelo, o proxecto foi sometido ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, obténdose a Declaración de Impacto Ambiental favorable en outubro do ano 2012.



O PLAN ESTATAL DE VIVENDA ACHEGARÁ A GALICIA AXUDAS PARA ALUGAMENTO E REHABILITACIÓN POR PRETO DE 40 MILLÓNS DE EUROS

- *O convenio entre a Xunta e o Ministerio de Fomento, que será asinado proximamente, foi aprobado hoxe polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia*
- *O plan establece axudas para o alugamento de vivendas, fomento da rehabilitación edificatoria, rexeneración e renovación urbanas ou para o fomento das cidades sustentables e competitivas*

O Plan estatal de fomento e alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas chegará a Galicia axudas por importe de 39,7 millóns de euros, segundo establece o convenio entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia cuxa sinatura foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

O convenio regula o financiamento estatal e autonómico do plan e as liñas de axudas que contén este e que serán de aplicación en Galicia unha vez asinado o convenio e publicada a orde do Ministerio que o porá en vigor, así como as ordes autonómicas de convocatoria de cada liña de axuda.

O plan inclúe axudas para o alugamento, a rehabilitación edificatoria, a rexeneración e a renovación urbanas, o fomento de cidades sustentables e competitivas, así como un programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios.

Programa de axuda ao alugamento de vivenda

Este programa ten como obxecto facilitar o acceso e a permanencia nunha vivenda en réxime de alugamento a sectores da poboación con escasos medios económicos. Os beneficiarios poderán recibir axudas de ata o 40% da renda anual co límite máximo: 2.400 euros anuais por vivenda cun prazo máximo de 12 meses prorrogables por sucesivos períodos de 12 meses ata o 31 de decembro de 2016.

Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas

Financiará a realización de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, se é o caso, substitución de edificios demolidos, dentro de ámbitos de actuación previamente delimitados.

As obras realizaranse coa finalidade de mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.



Subvencionaranse actuacións como a execución de traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas; instalacións fixas; equipamento propio e elementos comúns a fin de adaptalos á normativa vixente; obras de demolición e edificación de vivendas de nova construción.

Para financiar as actuacións deste programa será precisa a firma de acordos bilaterais con participación dos concellos en cuxo termo municipal se vaia actuar e no marco deses acordos é onde a Comunidade Autónoma de Galicia dará cabida ás actuacións do programa de áreas de rehabilitación integral.

Programa para o fomento das cidades sustentables e competitivas

Este programa subvencionará a execución de proxectos de especial transcendencia a mellora de barrios, centros históricos, renovación de áreas obsoletas. Os proxectos que opten a estas axudas deberán estar nun único termo municipal, xustificar a conveniencia da proposta de actuación e ser seleccionados mediante un procedemento aberto en réxime de concorrencia competitiva.

Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios

Este programa de nova creación ten por obxecto impulsar a implantación e xeneralización dun informe de avaliación dos edificios que inclúa análises das condicións de accesibilidade, eficiencia enerxética e estado de conservación dos edificios mediante unha subvención que inclúa os gastos de honorarios profesionais para a súa emisión.



A XUNTA ACTIVA UN NOVO PLAN DE SEGURIDADE INDUSTRIAL QUE PERMITIRÁ MELLORAR A PREVENCIÓN E A COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS GALEGAS

- ***O plan recolle 775 actuacións, un 40% máis que o ano pasado, co obxectivo de pór en valor a seguridade como parte fundamental dos procesos produtivos***
- ***Desenvolveranse distintos programas de inspección de estacións de servizo, compresores e caldeiras, transformadores particulares, e establecementos con almacenamentos de produtos químicos***
- ***Trátase da terceira edición dun plan que se desenvolverá a través dun convenio de colaboración con Asgoca, e que permitiu o ano pasado reducir á metade o número de inspeccións desfavorables, potenciando unha industria segura e innovadora***

O Consello da Xunta presentou hoxe un novo plan de seguridade industrial promovido pola Consellería de Economía e Industria e que está encamiñado a mellorar a prevención e a competitividade do tecido empresarial galego. O programa recolle un total de 775 inspeccións, o que supón un incremento do 40% con respecto ás levadas a cabo no último exercicio, co obxectivo de pór en valor a seguridade no traballo como parte fundamental dos procesos produtivos que desenvolven as empresas.

Neste sentido, o plan, terceiro que se desenvolve en Galicia, contribúe tanto á dinamización do tecido industrial como á detección temperá de condicións de risco, e a implantación de medidas preventivas. Non en van, a execución deste programa o pasado ano permitiu reducir á metade o número de inspeccións desfavorables, ao tempo que se conciencia o tecido empresarial sobre a importancia da seguridade industrial na configuración dunha industria forte, segura, innovadora e xeradora de emprego de calidade

O plan, que se levará a cabo no marco dun convenio de colaboración con Asgoca – Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizado-, permitirá avaliar distintos tipos de instalacións: estacións de servizo compresores e caldeiras, transformadores particulares, e establecementos con almacenamentos de produtos químicos. A estas cabe sumarles as declaracións responsables levadas a cabo polos profesionais. Así, nas diferentes inspeccións, que se desenvolverán ata finais de ano, comprobarase a adecuación da posta en funcionamento e as condicións de servizo dos establecementos e das instalacións respecto dos regulamentos de seguridade e normativa de aplicación.

Deste xeito, darase continuidade ás máis de 1.200 inspeccións realizadas en anos anteriores, e que permitiron mellorar a prevención avaliando a seguridade e a calidade do funcionamento doutros tipo de instalacións como as frigoríficas, as de protección contra incendios ou as eléctricas de baixa tensión.



Neste sentido, estes programas de actuación en materia de seguridade industrial buscan reforzar a prevención contribuíndo á mellora competitiva do tecido empresarial. Os establecementos seleccionados para incluírse no plan de inspección faranse tanto con base en criterios de oportunidade como de aleatoriedade. No caso de detectarse irregularidades, os establecementos inspeccionados recibirán unha serie de recomendacións para introducir melloras que lles permitan unhas condicións de traballo máis seguras.



A PRIMEIRA LEI AUTONÓMICA DE GALICIA PARA A XESTIÓN DOS PORTOS MELLORARÁ A OFERTA DE SERVIZOS AO AXILIZAR OS TRÁMITES NAS CONCESIÓNS

- ***O Consello da Xunta ratificou esta mañá o proxecto de acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto***
- ***A futura normativa, de aplicación nos 122 peiraos de titularidade autonómica, axilizará a retirada de buques e obxectos abandonados en terreo portuario***
- ***Prevé a figura de plans directores de infraestruturas dos portos para planificar a dotación de obras nun horizonte temporal mínimo de 5 anos e establece a coordinación áxil cos concellos para o ordenamento do solo***

A primeira Lei autonómica para a administración e xestión dos peiraos de titularidade da Xunta de Galicia mellorará a oferta de servizos portuarios ao facilitar os trámites nas concesións. Así se recolle no anteproxecto de lei cuxo inicio de tramitación foi autorizado esta mañá polo Consello da Xunta.

Esta lei será a primeira con carácter autonómico que regulará a actividade das dársenas autonómicas de Galicia, adaptando o marco xurídico actual, de carácter estatal, ás necesidades propias dos portos galegos. Será de aplicación nos 122 peiraos xestionados pola Xunta e, entre as súas principais achegas, establece a axilización da retirada de buques e obxectos abandonados en terreo portuario.

Neste sentido, consideraranse buques abandonados aqueles que permanezan durante máis de 6 meses amarrados ou depositados en seco no mesmo lugar dentro do porto, sen actividade apreciable e sen ter aboado as taxas correspondentes. Igualmente, a Xunta de Galicia poderá declarar abandonados os vehículos, máquinas e obxectos en xeral que durante un mes estean no mesmo lugar sen ser utilizados ou reclamados.

O articulado do anteproxecto de lei fai referencia á regulamentación de todas as actividades que conviven nos peiraos galegos: profesional, náutico recreativa, comercial e de recreo ou complementarios vinculados ao litoral. Co obxectivo de establecer un marco regulador organizativo e de colaboración que abarque todas estas actividades a modo de infraestrutura portuaria en rede, a lei recollerá aspectos relativos á accesibilidade e adaptación constante das infraestruturas e servizos, a relación dos portos coa vila e a intermodalidade entre vías de transporte, entre outros.

Entre os principais puntos do seu contido destaca tamén a promoción da competitividade e reactivación da actividade económica e a apertura progresiva dos servizos portuarios a investidores. Entre o reforzo das garantías de cara aos investidores, establécese a ampliación do prazo das concesións, de 30 a 50 anos, en consonancia co que establece o Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas



urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Tamén destaca a transparencia no procedemento de concesión dos servizos recuperando o trámite de competencia.

Polo que respecta á ordenación do solo portuario establécese a creación de plans especiais que recollen a planificación específica de cada peirao e a zonificación das actividades que se desenvolven nel. Ademais, impulsarase a coordinación áxil cos concellos para dotar os portos dos instrumentos necesarios de planificación e ordenamento. Recóllese, así mesmo, a figura dos plans directores de infraestruturas que planificarán a dotación de obras necesarias en cada caso nun horizonte temporal mínimo de 5 anos.

Finalmente, a lei portuaria autonómica atribuirá carácter de axente de autoridade ao persoal gardapeiraos para reforzar as garantías no desempeño das súas funcións e previr accións que interrompan ou dificulten a normal operatividade do peirao. En materia de prevención e loita contra a contaminación, a normativa recollerá a prohibición e sanción das verteduras contaminantes e a obriga da rexeneración das augas.

Cómpre lembrar que o anteproxecto de lei recolle as achegas e liñas directrices consensuadas cos representantes de todos os ámbitos da comunidade portuaria nunha xornada de análise e debate organizadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar o pasado mes de decembro e que contou con máis dun centenar de participantes.



O CONSELLO DA XUNTA INFORMOU SOBRE O PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE E A CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DESTE ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- ***O Plan de turismo termal para a provincia de Ourense establece cinco principais liñas estratéxicas que se desenvolven en 71 programas de accións. A planificación termal, as infraestruturas termais, os produtos termais, o coñecemento termal e mais a promoción termal***
- ***O obxectivo central é poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta, os recursos e os servizos, de tal xeito que conduzan á creación do destino 'Ourense, provincia termal'***

O Consello da Xunta informou sobre o Plan de turismo termal para a provincia de Ourense 'Ourense, provincia termal 2014-2020', que se enmarca no Plan integral de turismo de Galicia e cuxo obxectivo é o fortalecemento do sector turístico termal da provincia de Ourense, así como a consolidación e fortalecemento do posicionamento de Galicia como destino termal global. Así mesmo, informouse sobre a constitución da comisión de seguimento deste entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense.

O Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016 con visión horizonte 2020 trata a auga e o termalismo como unha das grandes fortalezas do destino, xunto ao Camiño de Santiago, a enogastronomía e o patrimonio cultural e natural. No marco do Plan integral, o turismo termal toma un papel clave na liña estratéxica que fai referencia á oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxenos diferenciais, buscando a desestacionalización e os novos públicos.

O Plan de turismo termal para a provincia de Ourense establece cinco principais liñas estratéxicas que se desenvolven en 71 programas de accións. A planificación termal, as infraestruturas termais, os produtos termais, o coñecemento termal e mais a promoción termal son as liñas nas que se enmarcan as accións deste plan. O obxectivo central é poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta, os recursos e os servizos, de tal xeito que conduzan á creación do destino 'Ourense, provincia termal'.

Ademais, o documento conta con obxectivos específicos que pasan por poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais da provincia de Ourense, coa sustentabilidade como criterio clave para acadar unha mellor calidade de vida, a recuperación e preservación dos recursos naturais e mais a contribución ao desenvolvemento socioeconómico.



De igual modo, preténdese articular os recursos, servizos e oferta termal como produtos turísticos competitivos, innovadores e desestacionalizadores; ao tempo que se posiciona Galicia como destino termal a través da potenciación de Ourense como provincia termal.

Asinarase un acordo marco para a coordinación da execución das actuacións conxuntas e o establecemento dunha comisión de seguimento do plan. Esta comisión será paritaria e estará presidida pola Xunta de Galicia, para o seguimento e control das actuacións cada semestre, tal e como está recollido no plan.

O termalismo na oferta turística de Galicia

O turismo termal constitúe un dos produtos turísticos máis importantes e estratéxicos de Galicia como destino único. Para o seu desenvolvemento, enfócanse diferentes programas de acción aliñados coas principais retos do plan integral: consolidar un posicionamento de marca diferencial, unha oferta turística multiexperiencial os 365 días do ano, un desenvolvemento turístico económica, social e ambientalmente sustentable e un sector competitivo, innovador e con visión internacional.

Aínda que os recursos termais están nas catro provincias galegas; Ourense presenta unha gran potencialidade á hora de contribuír ao posicionamento global de Galicia como destino termal, dada a súa concentración de recursos, axentes e servizos relacionados directa e indirectamente co termalismo e a calidade destes. Galicia conta, ademais, coas augas mineromedicinais coa máxima temperatura alcanzada, as de Lobios, que manan a 72 graos.



A XUNTA INICIA A ELABORACIÓN DA AXENDA DIXITAL 2020 A TRAVÉS DUN MODELO DE INTELIXENCIA COLECTIVA

- ***Será unha estratexia tecnolóxica de todos e para todos que contará coa achega de institucións públicas, axentes económicos e sociais e da sociedade galega***
- ***A Amtega lanzará unha campaña integral para a participación social e entrevistas e xornadas de traballo para expertos***
- ***A nova Axenda Dixital será a folla de ruta para que Galicia converxa con Europa no seu desenvolvemento dixital***
- ***Nos últimos catro anos a primeira Axenda Dixital galega mobilizou preto de 1.000 millóns de euros para situar á Comunidade na converxencia coa media europea no uso das TIC***
- ***En 2013 máis do 65% dos fogares galegos tiña contratado internet de banda larga, máis do dobre que no ano 2008. En cinco anos Galicia reduciu en máis de 10 puntos a fenda con Estado neste indicador en máis de 8 coa media europea***

A Xunta inicia o proceso de elaboración da Axenda Dixital para o horizonte 2020. A nova folla de ruta en materia tecnolóxica presentarase no primeiro trimestre de 2015 e elaborárase seguindo un modelo de intelixencia colectiva, contando coas achegas das institucións públicas, axentes económicos e sociais e da sociedade galega.

Será unha Axenda Dixital de todos e para todos, orientada a asegurar que Galicia compite como rexión de referencia no ámbito dixital a nivel europeo. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), departamento que se encarga de elaborar a estratexia, desenvolverá unha campaña integral de participación con accións específicas para institucións e expertos e outras destinadas á sociedade civil para conseguir un documento que recollera de maneira colaborativa as necesidades, os retos e as oportunidades identificadas.

A colaboración cidadá articularase en torno ao blog Xente Dixital, desde onde se proporán unha serie de desafíos e debates abertos sobre os retos tecnolóxicos de Galicia. A contribución de expertos e institucións recompilarase a través do envío de formularios, xornadas de traballo e entrevistas.

Ámbitos de actuación

As actuacións da futura axenda están en liña con cinco ámbitos establecidos na Estratexia Galega de Crecemento Dixital, aprobada a finais de 2013. En primeiro lugar, acadar unha Administración dixital innovadora, avanzando cara a unha Administración das persoas, ubicua, con cero papel e cuns servizos públicos avanzados en ámbitos chave para a cidadanía.



A segunda área de actuación é a de incrementar a capacitación dixital das persoas, acadando a plena integración das TIC na práctica educativa e posibilitando a inclusión dixital de toda a cidadanía.

En terceiro lugar impulsar a economía dixital a través da implantación de infraestruturas e solucións tecnolóxicas nos diferentes sectores produtivos. O cuarto eido céntrase na consolidación do sector TIC como estratéxico e en quinto lugar está o impulso ao despregamento de infraestruturas de telecomunicación modernas e sustentables.

Avances no uso das TIC

Galicia está en disposición de afrontar esta nova etapa tras o traballo realizado a través de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, cuxas medidas situaron á Comunidade na senda da converxencia coa Unión Europea no emprego das TIC.

As actuacións do Plan de banda larga da Xunta constatan melloras significativas no acceso a internet dos galegos. En 2013 máis do 65% dos fogares galegos tiña contratado a internet de banda larga, máis do dobre que no ano 2008. En cinco anos Galicia reduciu en máis de 10 puntos a fenda con Estado neste indicador en máis de 8 coa media europea.

Un 64,8% da poboación galega utilizou a internet nos últimos tres meses fronte ao 44,9 que o facían en 2008, e o 70% dos fogares galegos conta con ordenador, preto de 20 puntos máis que en 2008.

Catro anos de2014.gal

Desde 2010 a Axenda Dixital de Galicia mobilizou preto de 1.000 millóns de euros que permitiron avanzar no achegamento da banda larga a todos os galegos, no establecemento dunha política integral de impulso da Administración electrónica e da participación cidadá ou nas medidas para lograr a efectiva introdución das tecnoloxías da información no tecido empresarial galego.

Nestes catro anos Plan de banda larga facilitou o acceso á internet a máis de 700.0000 habitantes que carecían deste servizo a finais 2009, o que permitiu pasar dun 71% de poboación con cobertura ao do 97% da poboación total de Galicia. Para o 3% restante, están a desenvolverse liñas de axudas para o acceso ao servizo a través de satélite. Ademais, o ano pasado cumpríuse o obxectivo de que máis de 1,4 millón de galegos teñan acceso a redes de 100 Mbps de velocidade.

O Plan de modernización da Administración autonómica está a conseguir unha administración aberta aos cidadáns as 24 horas do día os 365 días do ano. A sede electrónica da Xunta xa permite presentar telematicamente máis de 600



procedementos, preto do 40% do total. Antes do plan só o 4% dos trámites se podían realizar de xeito electrónico. Máis de 9.200 empregados públicos están acreditados dixitalmente a través dunha tarxeta intelixente que lles permite asinar dixitalmente os documentos dos procedementos telemáticos, entre outras funcionalidades.

A creación dun único organismo para a xestión da política tecnolóxica da Comunidade coa posta en marcha da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia xunto coa entrada en funcionamento do Centro de Proceso de Datos Integral permitiron avanzar cara a unha Administración máis eficiente e austeras. Un modelo de xestión integral das TIC que conseguiu un aforro no gasto TIC de máis de 6 millóns de euros.

O Plan Senda para integrar as TIC na Xustiza conseguiu que o 84% das sedes xudiciais teña conexións de 100 mbps, renovouse o equipamento do posto de usuario, que pasou dun 65% de equipamentos de menos de 7 anos de antigüidade en 2009 a máis do 96% a finais de 2013. Implantáronse os sistemas de xestión procesual Minerva e Fortuny para xulgados e fiscalías e sistema de intercambio seguro entre os órganos xudiciais e os operadores xurídicos, Lexnet.

O despregamento da rede de videoconferencia con 55 equipamentos de sala e máis de 370 solucións de videoconferencia persoal para xuíces, fiscais e forenses e o inicio da instalación do sistema de gravación de vistas con firma dixital son outras das medidas para modernizar o sistema xudicial galego.

No eido sanitario, Galicia é unha das comunidades autónomas líderes na implantación da historia clínica electrónica, da eReceita, dos sistemas de imaxe dixital e da telemedicina. Case o 98% das receitas son tramitadas de modo electrónico e o 100% dos centros de atención primaria poden acceder á telemedicina. Ademais, o 10,5% das citas previas realizáronse pola internet, un sistema que no 2013 utilizou o 26,8% dos cidadáns.

No eido educativo, o Proxecto Abalar dixitalizou máis de 2.000 aulas e beneficia a preto de 45.000 alumnos. O EspazoAbalar, punto de encontro na internet entre familias, profesores e centros, contaba a finais de 2013 con 2.000 recursos educativos dixitais dos cales se realizaron 2,6 millóns de descargas.

A Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica (CeMIT), que conta con 98 aulas en 92 concellos ofreceu en 2013 preto de 43.000 horas de formación dixital gratuíta e rexistrou 32.000 usuarios. Desde a súa creación no 2010 lévanse impartidas máis de 100.000 horas de formación.



O CONVENIO QUE SE ASINARÁ ENTRE SANIDADE E O PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS PERMITIRÁ A GALICIA DISPOR NO PRESENTE ANO DE 485.000 EUROS QUE SE DESTINARÁN A PROGRAMAS DE PREVENCIÓN E ASISTENCIA DAS DROGODEPENDENCIAS

- *Estes recursos son posibles pola actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado, xerando créditos a que dan lugar os bens comisados por tráfico de drogas*
- *A Consellería de Sanidade abordará varios programas en materia de prevención e de asistencia das drogodependencias*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade referido ao convenio específico, para o presente ano, do protocolo xeral de colaboración suscrito o 1 de setembro de 1999 entre o Ministerio do Interior – Delegación do Goberno para o Plan nacional sobre drogas- e a Comunidade Autónoma de Galicia. O importe do convenio para o 2014 ascende a 485.000 euros, o que supón un incremento respecto do ano anterior, no que a cantidade consignada era de 477.000 euros.

Este convenio enmárcase dentro das actuacións conxuntas do Plan nacional sobre drogas do Ministerio de Sanidade, e do Ministerio do Interior coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes recursos, que teñen carácter anual, son posibles pola actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado xerando créditos a que dan lugar os bens comisados por tráfico de drogas, en aplicación da Lei reguladora do fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados.

En consecuencia, o convenio ten por obxecto o desenvolvemento en Galicia de varios programas de prevención e asistencia ás condutas adictivas, algúns dos cales xa se están a aplicar, sendo outros de carácter novidoso.

Os programas propostos pola Consellería de Sanidade e que se inclúen no convenio son, na área de prevención, o dirixido a previr o consumo de alcohol e outras drogas en contextos de lecer nocturno e do botellón (50.000 euros); e o Programa de prevención dirixido á redución de riscos e diminución de danos en persoas drogodependentes en situación de emerxencia social (114.000 euros).

En materia de asistencia, os programas incluídos son o de seguimento e atención de persoas en tratamento unha vez excarceradas, no ámbito da incorporación social de trastornos adictivos (86.000 euros); o Programa de atención xurídico social en trastornos adictivos con problemática legal asociada (120.000 euros); o Programa de



incorporación sociolaboral en pacientes con trastornos adictivos (80.000 euros); e a Guía de patoloxía dual (10.000 euros).

Os programas que se convenian por primeira vez son: Valoración do consumo de drogas en persoas con trastornos da personalidade, xunto ás súas repercusións na conduta e a saúde, en poboación penitenciaria penada (10.000 euros); e o referido a Diferenzas basais e evolutivas en pacientes con diagnóstico de xogo patolóxico como trastorno principal, fronte a pacientes con diagnóstico de xogo patolóxico como trastorno comórbido do trastorno de dependencia ao alcohol (15.000 euros).

